


2021-2022

# Departamento de Matemáticas

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## ADDENDA



IES Poeta Añón (OUTES)

## 1. INTRODUCCIÓN.

Esta ADDENDA ten como obxectivo ter en conta a aplicación da Orde do 25 de xaneiro de 2022 de cara ao traballo que se desenvolverá entre a terceira avaliación e a avaliación final.

## 2. CONCRECIÓN NOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN NESTE PERÍODO DO CURSO. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

### ★ ALUMNADO QUE TEÑA APROBADAS AS TRES AVALIACIÓNS

Co alumnado que estea nesta situación procurarase traballar os contidos previstos na programación, ben sexan de reforzo ou de ampliación, que queden sen tratar de forma satisfactoria antes do remate da terceira avaliación. A súa actitude, implicación, traballo e coñecementos serán valorados segundo os exercicios realizados e revisados xunto cos resultados das posibles probas de carácter opcional ás que poidan presentarse, podendo deste xeito subir a nota que en principio puidesen obter segundo os criterios recollidos na programación didáctica do departamento no relativo á cualificación final da materia.

### ★ ALUMNADO QUE TEÑA ALGUNHA AVALIACIÓN SUSPENSA

O alumnado que no caso de que, unha vez feito o cálculo da nota final do curso seguindo os criterios de avaliación recollidos na programación didáctica, acade unha nota igual ou superior a 5 estará nas mesmas condicións que o alumnado que teña as tres avaliación aprobadas.

Co resto do alumnado procurarase traballar aqueles contidos de reforzo que lles permita preparar as probas de recuperación, acordos aos contidos mínimos que se recollen na programación, probas que se realizarán nos últimos días do curso. A nota obtida nestas probas contará de cara á nota final nas condicións que se recollen na programación didáctica (As notas definitivas das avaliacións sobre as que se realicen estas probas de recuperación serán as correspondentes notas obtidas nas mesmas).

## 3. INFORMACIÓN AO ALUMNADO

Para que o alumnado estea informado esta addenda estará publicada na páxina web do centro.